

SITUACIÓN LABORAL DAS MULLERES EN GALIZA (ANO 2015)



Gabinete Técnico Confederal

PRECARIAS

A crise, as reformas laborais implantadas ao seu abeiro e que deterioraron os dereitos laborais, as reformas fiscais que incrementaron directamente as

desigualdades, a redución da capacidade distributiva do sector público, etc., fixeron agromar unha nova figura laboral -xa case esquecida- que se vén coñecendo como “pobre laboral”, un traballador ou traballadora con emprego pero cuxos ingresos non lle permiten superar a liña de pobreza.

Desde que esta nova realidade socioeconómica se instalou, para as persoas traballadoras que accederon ao mercado de traballo nos últimos anos, é máis fácil seguir sendo pobre, a pesar de ter un traballo, que o contrario. Tamén os traballadores e traballadoras que se manteñen no posto de traballo viron reducidos, na maioría dos casos, os seus ingresos: baixada ou conxelación salarial, a inflación que minguou o poder adquisitivo, intensificouse o traballo...

Xunto a isto reduciuse a capacidade distributiva do Estado, por mor dunha política fiscal, regresiva, que minguou os ingresos do Estado e contribuíu a incrementar as desigualdades, xa que ao reducírense os ingresos -para “cumprir con Bruxelas”- reducíronse os gastos, fundamentalmente os gastos sociais.

Así, reduciuse o gasto en sanidade (menos persoal, privatizacións de determinados servizos, copagamento farmacéutico..); reducíronse as prestacións por desemprego, empobrecendo aínda máis os parados e paradas; diminuíron as axudas a dependencia, etc. Paralelamente a isto, incrementouse abusivamente o prezo de determinados bens e servizos como os enerxéticos, medicamentos, alimentos..., o que levou a un empobrecemento xeneralizado da maioría poboación, pero nomeadamente dos estratos sociais máis desfavorecidos, como persoas pensionistas, migrantes, sen emprego e, moi especialmente, as mulleres.

A redución do gasto social leva a un empobrecemento da poboación e a un medre das desigualdades. O FMI estima que o gasto público corrixe nun terzo as desigualdades que crea o mercado. Isto, sen esquecer que a maior desigualdade e pobreza a provoca o desemprego.

Se antes da crise -ano 2007/2008- se dicía que a pobreza tiña cara de muller, hoxe, logo desta longa travesía de destrución de emprego, redución de salarios, perda de poder adquisitivo, de dereitos laborais, recortes nas axudas públicas..., a pobreza estendeuse a máis capas da sociedade, e acuñouse o termo “pobre laboral” que acolle tanto a homes como a mulleres. Porén, estas novas pobres véñense a sumar ás xa existentes, polo que a faciana da pobreza cada vez está máis feminizada. A comezar, por unha menor participación das mulleres no mercado de traballo, pois a taxa de actividade das mulleres situouse de media no ano 2015 no 48,7%, 10 puntos menos que a dos homes, que para as mesmas datas andou polo 58,6%.

Menor participación no mercado de traballo, no caso das mulleres, implica maior dedicación a traballo non remunerado, como é o coidado da casa e dependentes. A situación destas mulleres neste período deteriorouse, especialmente das que coidan de dependentes polas reducións das axudas destinadas a este fin.

Logo das inactivas, situamos as activas pero paradas. Así, a taxa de paro feminina acadou no ano 2015 o 20% das mulleres activas (18,7% no caso dos homes); tamén neste caso a crise acurtou as diferenzas. Foron 120.000 mulleres no ano 2015 as que de media non tiveron un emprego, a meirande parte delas sen ningún tipo de cobertura por desemprego. Non dispomos dos datos para Galiza, desagregados por sexo, das taxas de cobertura do desemprego, pero os da media do Estado poden servir como referencia. Nos devanditos datos constátase que as mulleres teñen un nivel de protección máis baixo e de peor calidade que os homes. De feito, a taxa de cobertura é 6 puntos inferior á dos homes (55,7% fronte a 61,7%) e a prestación contributiva que reciben as mulleres é un 19% inferior á dos homes.

Despois, están as ocupadas, e aquí a pobreza tamén é cada vez máis evidente. Para demostralo, ímonos servir dos datos da Axencia Tributaria; sen dúbida, a información máis exhaustiva dispoñíbel, xa que recolle os datos de todas as mulleres polas que, durante o ano, declararon ingresos á facenda.

Distribúense as asalariadas en tramos de salario en relación ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI), e para cada tramos de ingresos, o número de asalariadas que acolle, así como o Salario Medio Anual (SMA) percibido.

Os datos do ano 2009, xunto coa foto fixa do último ano, permítennos analizar a evolución neste período.

Tramos de salario	2009		2013		14/09			
	Asalariadas	S MA	Asalariadas	S MA	Asalariadas	S MA	Asalariadas	SM
Total	479.849	15.594	447.647	15.383	450.875	15.414	-28.974	
De 0 a 0,5 SMI	86.771	1.898	92.839	1.861	93.496	1.871	6.725	
De 0,5 a 1 SMI	73.964	6.607	68.045	6.825	68.988	6.834	-4.976	

De 1 a 1,5 SMI	89.738	11.036	75.341	11.449	74.842	11.402	-14.896
De 1,5 a 2 SMI	74.064	15.042	69.611	15.657	70.211	15.656	-3.853
De 2 a 2,5 SMI	45.239	19.539	43.629	20.172	44.041	20.178	-1.198
De 2,5 a 3 SMI	30.265	23.813	28.038	24.770	27.903	24.761	-2.362
De 3 a 3,5 SMI	20.517	28.355	22.118	29.264	22.578	29.270	2.061
De 3,5 a 4 SMI	16.301	32.651	16.194	33.787	16.305	33.762	4
De 4 a 4,5 SMI	14.575	37.120	13.594	38.118	13.662	38.147	-913
De 4,5 a 5 SMI	11.932	41.281	5.937	42.569	6.174	42.567	-5.758
De 5 a 7,5 SMI	12.547	50.941	9.724	53.562	9.989	53.581	-2.558
De 7,5 a 10 SMI	2.980	74.191	1.976	75.771	2.078	75.879	-902
Máis de 10 SMI	955	117.678	601	143.287	607	136.754	-348

Asalariadas e salarios medios anuais.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

Desde o ano 2009, ano a partir do cal comeza a notarse no mercado de traballo os efectos máis devastadores da crise (e que curiosamente en Galiza coincide coa chegada o goberno do equipo de Feijoo), as mulleres polas que se declararon ingresos á Axencia Tributaria descendeu un 6% -28.974 mulleres menos-. Os ingresos destas mulleres tamén descendieron; de media, ingresaron 180 euros menos ao ano, unha caída do 1,15%, mais con diferenzas segundo no tramo de ingresos no que nos situemos. Só aumentaron as asalariadas no tramo de menores ingresos, e foi neste no único onde descendeu o SMA.

En maior ou menor medida hai menos mulleres asalariadas que no ano 2009 en todos os tramos de ingresos salvo no primeiro -as de ingresos inferiores a metade do SMI-, tramo no que declararon á Axencia Tributaria 6.725 mulleres máis, chegando ás 93.496 mulleres -o 20% do total-, cuxos ingresos foron inferiores aos 1.871 euros ao ano. Unha cantidade, así mesmo, inferior ao ano 2009, no que este grupo ingresara un SMA de 1.898€. No ano 2009 este grupo representaba o 17,9% do total.

Hai menos ricas, pero con maiores ingresos; e hai máis pobres e con menores ingresos. Concretamente no ano 2009 había 955 mulleres con ingresos superiores a 10 veces o SMI; en 2014, 607 (un 36,4% equivalente a 348 asalariadas menos), pero cuns ingresos un 16% superiores (19.076 euros máis, alcanzando os 136.754 € ao ano). Na outra cara da moeda están as de menores ingresos. En 2009 eran 86.771 as mulleres cuxos ingresos non acadaban a metade do SMI; en 2014, hai 6.725 máis, alcanzando as 93.496. E os ingresos destas mulleres descendieron en 27 euros, quedando de media en 1.871€ ao ano.

Así, unha muller do tramo de ingresos superior ingresa o mesmo que 73 mulleres do tramo inferior.

No seguinte tramo, están as asalariadas cuxos ingresos se situaron entre a metade e o SMI (entre 1.871 e 6.834 euros). Son apenas o 16% do total. Así, sumadas ás anteriores, temos que o **36% das mulleres asalariadas non acadaron uns ingresos equivalentes ao SMI no ano 2014**. No ano 2009, supúñan o 33,5%.

Aínda que non é necesario facer comparanza cos homes para amosar a forte precarización salarial que estamos padecendo, se o facemos -se comparamos cos homes-, a realidade aínda é máis amarga. **Mantense a fenda salarial por volta do 22% de media (4.432 euros ao ano de media)**. E isto non só por causa duns menores ingresos medios, senón pola maior presenza das mulleres nos grupos de menores ingresos. Só un exemplo; entre as persoas traballadoras con ingresos salariais anuais inferiores á metade do SMI, o 53% son mulleres. Entre as que ingresan máis de 10 veces o SMI, as mulleres apenas representan o 15%.

Son moitos os factores que explican estas diferenzas, algúns claramente identificábeis na análise do mercado de traballo.

Comezando polas principais variábeis básicas, e comparando co ano 2009, temos unha primeira imaxe da realidade laboral das mulleres.

Principais variábeis. Datos en miles.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15/09
	Galiza				
Total	1.255,30	1.234,40	1.229,20	-5,20	-26,10
Activas	600,3	605	599,1	-5,90	-1,20
Poboación ocupada	516,4	473,7	479	5,30	-37,40
Poboación parada	84	131,2	120	-11,20	36,00
Poboación inactiva	655	629,5	630,1	0,60	-24,90

Fonte: EPA.IGE.

Ao contrario que entre os homes, no caso das mulleres a crise serviu como “dinamizadora” laboral. A medida que os homes ían abandonando o mercado de traballo, as mulleres incorporábanse. De feito, até este último ano a poboación activa feminina aumentaba, mentres a masculina descendía ano tras ano. O contrario ocorría cos poboación inactiva; a masculina aumentaba mentres a feminina descendía. Noutros informes xa temos analizado este feito, concluíndo que a falta ou redución de ingresos, ao quedar o varón sen emprego, foi o que

levou a moitas mulleres a saír a busca dun traballo. No ano 2015, esta tendencia freouse e descendeu o número de activas e medrou o de inactivas. Así, a taxa de actividade feminina sitúase no 48,7%, 10 puntos por debaixo da masculina. No ano 2009, esta diferenza era de 14 puntos.

- **Novo descenso da actividade entre as mulleres máis novas.**

Ao desagregarmos a poboación activa feminina por grupos de idade, vemos unha realidade moito máis preocupante da que se pode extraer dos números globais, xa que a perda de activas se produciu unicamente entre as máis novas.

Mulleres activas por grupos de idade.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15/09
Total	600,3	605	599,1	-5,90	-1,20
de 16 a 19 anos	4,1	3,9	3,2	-0,70	-0,90
de 20 a 24 anos	39,5	28,6	26,7	-1,90	-12,80
de 25 a 29 anos	76,1	59,4	55,3	-4,10	-20,80
de 30 a 34 anos	94,6	81,4	77,6	-3,80	-17,00
de 35 a 39 anos	88,5	97,3	95	-2,30	6,50
de 40 a 44 anos	84,1	90,6	90,7	0,10	6,60
de 45 a 49 anos	74,7	83,7	83,1	-0,60	8,40
de 50 a 54 anos	61	70,7	70,4	-0,30	9,40
de 55 a 59 anos	43,3	54,2	57,4	3,20	14,10
de 60 a 64 anos	27,9	30,6	34,6	4,00	6,70
de 65 e máis anos	6,6	4,5	5,2	0,70	-1,40

Fonte: EPA.IGE.

No último ano, globalmente descendeu a poboación activa feminina en 5.900 mulleres, pero con evolucións moi distintas segundo as idades. Así, o descenso afectou, novamente, ás menores de 35 anos entre as cales se estiman 10.500 activas menos. A partir desta idade aumenta, sobre todo a partir dos 55 anos.

Se nos retrotraemos a 2009, vemos que, a pesar de que en conxunto só se estiman 1.200 activas menos, entre as menores de 35 anos hai 51.500 menos, e a partir desta idade aumentan considerabelmente até compensar, practicamente, o descenso das máis novas.

- **Continúa a perda de ocupación entre as mulleres máis novas.**

Mulleres ocupadas. Datos en miles.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15/09
Total	516,4	473,7	479	5,30	-37,40
De 16 a 24 anos	28,7	16,9	17,7	0,80	-11,00
De 25 a 34 anos	142	104,2	99,6	-4,60	-42,40
De 35 a 44 anos	152,1	147,7	149,2	1,50	-2,90
De 45 a 54 anos	121,3	127,5	127,1	-0,40	5,80
De 55 e máis anos	72,4	77,4	85,5	8,10	13,10

Fonte: EPA.IGE.

Nin habendo menos mulleres no mercado de traballo se consegue acadar un nivel de ocupación aceptábel. No último ano foron 5.300 as mulleres que accederon a un posto de traballo novo. Se comparamos co ano 2009, son 37.400 as mulleres que perderon o emprego.

Un ano máis entre as de menor idade continúaase destruindo emprego. En 2015, só entre as mulleres de 25 a 34 anos se perderon 4.600 postos de traballo. E van 42.200 perdidos desde o ano 2009 unicamente neste grupo de idade.

Non só se reduciu emprego neste período, desde o ano 2009, senón que ao mesmo tempo se produciu unha reestruturación interna entre as mulleres ocupadas: perdéronse empregos a xornada completa e incrementáronse a xornada parcial, medrou o número de asalariadas con contratos temporais en detrimento de indefinidas, reduciuse o tempo medio dos contratos, etc.

- **O 23,1% das ocupadas, traballan a xornada parcial.**

Ocupadas segundo tipo de xornada.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15-set
Total	516,4	473,7	479	5,30	-37,40
Completa	421,3	366,7	368,2	1,50	-53,10
Parcial	95	107	110,8	3,80	15,80

Fonte: EPA.IGE.

Desde o ano 2009, perdéronse 53.100 postos de traballo a xornada completa entre as mulleres e aumentou en 15.800 os postos a xornada parcial. Vemos como

non só se destruíu emprego globalmente, senón que se produciron reestruturacións entre as ocupadas a favor das xornadas parciais.

No último ano, dos 5.300 novos postos de traballo apenas 1.500 foron a xornada completa; o resto, a tempo parcial. Así, xa superou o 23% a porcentaxe de mulleres que traballan a tempo parcial; concretamente, 1 de cada 5 no ano 2015.

Este forte incremento da ocupación parcial non foi voluntaria. No ano 2009 das mulleres con xornada parcial, o 46% alegaba como motivo non atopar un posto de traballo a xornada completa; hoxe, no ano 2015, son o 66% as que alegan este motivo.

Con todo, ás xornadas parciais, temos que engadir a temporalidade do posto de traballo.

- **Durante 2015 só se creou emprego temporal.**

Mulleres asalariadas segundo tipo de contrato.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15-set
Total	412,7	387,9	394,3	6,40	-18,40
De duración indefinida	296,4	295,9	288,6	-7,30	-7,80
Temporal	116,4	92,1	105,6	13,50	-10,80
Taxa de temporalidade	28,2	23,7	26,8		

Fonte: EPA.IGE.

Durante 2015, cando medrou o emprego asalariado entre as mulleres en 6.400 postos de traballo, estímase que se reduciu o número de asalariadas con contrato indefinido en 7.300, e que aumentou o de temporais en 13.500 asalariadas.

Esta tendencia produciu un incremento da taxa de temporalidade feminina de 3 puntos en apenas un ano, situándose de media no ano 2015 no 26,8%.

Foron 105.600 as mulleres con contrato temporal de media no último ano (92.100 no ano 2014), as cales se repartiron 391.300 contratos, o que nos dá unha media de 3,7 contratos por asalariada e ano. O que se produce, por tanto, é unha forte rotación do emprego debido á escasa duración dos contratos.

- **O 30,9% dos contratos temporais, a mulleres, duraron menos dunha semana.**

Xornadas parciais, contratos temporais e de escasa duración, tal e como amosan os datos seguintes.

Contratos a mulleres segundo duración do contrato. Ano 2015.

	% total	
Total	411.510	
Indefinidos	20.180	4,9
Temporais	391.330	95,1
Menos de 1 semana	120.812	30,9
De 1 semana a 1 mes	52.284	13,4
De 1 a 6 meses	77.786	19,9
De 6 meses a 1 ano	12.831	3,3
Máis de 1 ano	1.097	0,3
Indeterminado	126.520	32,3

FONTE: SEPE.

O primeiro que chama a atención é o elevado número de contratos que se rexistraron, entre mulleres, no ano 2015: 411.510 contratos iniciais. Hai que lembrar que só aumentou o emprego en 5.300 traballadoras, o que inicialmente xa nos indica o tipo de contratos a que estiveron sometidas.

Dos contratos iniciais, apenas o 4,9% foron de carácter indefinido. Polo tanto, o 95,1% dos contratos fíxose baixo algunha das modalidades de contratación temporal vixente, pero o máis grave é a escasa duración destes contratos: o 30,9% duraron menos dunha semana. E se engadimos os que duraron entre unha semana e un mes, temos que o 44,3% dos contratos non chegaron ao mes de duración.

Este forte incremento na contratación estivo acompañado dun aumento das asalariadas con contrato temporal en detrimento das indefinidas, o que levou a un incremento da taxa de temporalidade, como comentamos anteriormente.

Entre xornadas parciais, contratos temporais e de escasa duración conseguíuse, en termos estatísticos, elevar lixeiramente a ocupación feminina (5.300 empregos). Este feito, xunto co descenso das activas (moitas por emigración), logrou reducir o desemprego e a taxa de paro.

- **O paro alcanza o 20% das mulleres activas.**

A taxa de paro de paro reduciuse 1,7 puntos durante o ano 2015

	Total		
	2009/IV	2014	2015
Total	12,8	21,7	19,3
Homes	11,8	21,6	18,7
Mulleres	14	21,7	20

Fonte: EPA.IGE.

- **O 41,8% das desempregadas levan máis de 2 anos nesta situación.**

Paradas segundo tempo a procura de emprego. Datos en miles.

	Mulleres			Variación	
	2009/IV	2014	2015	15/14	15/09
Total	84	131,2	120	-11,2	36
Menos de 1 mes	5,5	5,9	4,8	-1,1	-0,7
De 1 a < 3 meses	14,5	12,8	12,1	-0,7	-2,4
De 3 a < 6 meses	11,4	11,5	10,5	-1	-0,9
De 6 meses a < 1 ano	14,1	18,1	14,8	-3,3	0,7
De 1 ano a < 1 ano e medio	12,5	12,6	10,3	-2,3	-2,2
De 1 ano e medio a < 2 anos	5,9	12,9	10,9	-2	5
Dous ou mais anos	15	50,8	50,2	-0,6	35,2
Xa atopou traballo	5	6,7	6,4	-0,3	1,4

Fonte: EPA.IGE.

Estímase que no último ano descendeu o paro entre as mulleres, concretamente en 11.200 desempregadas menos. O descenso do desemprego duplica o incremento do emprego, o que demostra que unha parte moi importante deste descenso é debida á saída do mercado de traballo non por atopar un emprego; unha maior inactividade e a emigración explican esta “anormalidade”.

Convén, así mesmo, sinalar a elevada porcentaxe de mulleres con máis de dous anos sen emprego, 43,3% do total, o que deixa estas mulleres fóra das prestacións contributiva por desemprego e nunha situación de desamparo social.

En resumo, a crise non fixo máis que agravar a xa precaria situación laboral a que están sometidas unha porcentaxe moi elevada das mulleres traballadoras en Galiza. Así, desde o ano 2009 incrementouse a porcentaxe de mulleres con xornadas parciais, con contratos temporais, con contratos de escasa duración, etc., empeorando non só as condicións físicas laborais senón tamén as salariais. Proba disto é a inxente cantidade de mulleres que non chegan a percibir o Salario Mínimo Interprofesional ao ano.

Se a estas traballadoras (162.484) cuxos ingresos son inferiores ao SMI engadimos as 120.000 paradas, xa serían preto de 300.000 as mulleres cuxos ingresos dificilmente lles poden permitir vivir dignamente, e estamos falando de preto do 50% das mulleres en activo en Galiza. A isto, cumpriría en engadir (como dicíamos ao principio deste documento) a redución do gasto social, o incremento dos prezos, etc., factores que inciden directamente na situación económica destas traballadoras. Esta realidade socioeconómica da muller traballadora en Galiza foi o que levou a CIG a dedicar ás PRECARIAS o próximo 8 de Marzo, Día da Muller Traballadora.